



VERTIXE SONORA

VIII FESTIVAL DE CREACIÓN MUSICAL CONTEMPORÁNEA

outono 2020



vertixesonora.net

Mira atrás no tempo con ollos amábeis... A música de Liao Lin-Ni (Taiwan, 1977) conducida polo mestre Pedro Figueiredo o 18 de outubro en San Domingos de Tui. Así arrancará a oitava edición dun festival que renova o seu compromiso coa cultura de vangarda e a ética do coñecemento. Oito concertos, once estreas mundiais, unha sentida homenaxe e trece países participantes. Combinando resiliencia e un punto de nostalgia, iniciamos esta nova singradura que encara con forza a virazón e convita a recomenzar, a respostar asertivamente aos desafíos que enfrentamos.

Música de creación internacional no contexto dunha crise sistémica que cuestiona os modos de desenvolvemento da especie humana. Última bita de amparo, calidez e intimidade: a música coma abeiro fronte a intemperie. O pracer da escoita colectiva na comarca de proximidade da que participan creadores, intérpretes e ouvintes acubillándose en afectos compartidos. Oito chamadas á heterodoxia sonora enarborando a beleza con valentía e resolución. Música que é filla da liberdade e cunha grande aberta mestura humanismo, imaxinación e capacidade de soñar para resituar as relacións humanas coma vector central.

Sons que nos chaman, indagan, vinculan, transforman... conscentes da nosa inmensa vulnerabilidade, da nosa extrema dependencia. Músicas que nos elevan con ousadía sobre a apremiante realidade aceirando unha cohesión social devastada, forzando á reflexión sobor de inaceptables certezas. Oito xuntanzas de escoita embozada para recuperar certa sensación de normalidade.

Comezamos o domingo 18 de outubro en San Domingos de Tui. Dirixido polo mestre Pedro Figueiredo, **MIRA ATRÁS NO TEMPO CON OLLOS AMÁBEIS** inclúe, ademáis da obra de **Lin-Ni Liao**, composicións de **Juan Pablo Carreño** (Colombia, 1978), **Pablo Vergara** (Chile, 1980), **Severin Dornier** (Alemania) e **Il-Woong Seo** (Corea do Sur). Un programa de música internacional co que afondaremos na profunda tenrura e humanidade de Emily Dickinson, delectarémonos no xogo de reflexos e borboteos da auga, da luz e da escuridade, asomaremos aos abismos de Kafka, e viaxaremos ate Colombia para asistir a un funeral en San Basilio del Palenque, nas faldas dos montes de María, no departamento de Bolívar. Un programa con catro estreas mundiais que xunto a **AS COLAS DO COMETA** e **DERIVACIÓN** conforma o tríptico EN RUTA, proxecto beneficiario do programa O Teu Xacobeo que visibiliza o camiño portugués e ás mulleres creadoras que o percorreron e o transitan. Xuntos pasado, presente e futuro. Fraternidade e

PROMOVE:



PATROCINA:



festexo pola reapertura dun espazo transfronteirizo que relanza a cooperación bilateral e a visión común compartida.

O martes 20 de outubro no Espacio de Arte SVT, Carlos Gálvez presenta **CAPRICCIO DETTO L'ERMAFRODITA** música espumosa e disfrutona para clarinete baixo con influencias folclóricas de diversas culturas e o mundo do jazz. En aproximadamente media hora exploraremos as múltiples posibilidades tímbricas e sonoras a través de clásicos coma *Intra* (1971, rev. 1989) de **Ton Bruynel** (Utrecht, Países Baixos 1934 - Maily, Francia 1998), a obra que dá título ao programa *Capriccio detto l'ermafrodita* (1983) de **Claudio Ambrosini** (Venecia, 1948) e *Duo* (1988) de **Theo Loevendie** (Ámsterdam, 1930)

O mércores 28 de outubro na Igrexa de Santa María en O Viso de Redondela, **Angélica V. Salvi**, residente en Porto, interpretará en estrea mundial obras de **Huihui Cheng** (Wu-Chang, China, 1985), **María José Belenguer** (Castellón, 1983) e **Liao Lin-Ni** (Taiwan, 1977), esta última un dúo para percusión e arpa. E ademáis, *Spin bird* de **Kate Moore** (Oxfordshire, England, 1979) e un traballo da súa autoría, *Índigo* (2020), para arpa e pedais de efectos inluida no seu derradeiro disco **PHANTONE**. O proxecto denomínase **AS COLAS DO COMETA** e mestura Emily Dickinson, variacións lumínicas, cometas e pó de estrelas.

O cuarto concerto, **DERIVACIÓN**, o sábado 31 de outubro no Centro Recreativo e Cultural de Torroso en Mos. Unha conversa de saxofón e percusión coa obra de **María Teresa Treccozzi** (Italia, 1979) á fronte. Inclúe dúas novas composicións escritas en exclusiva para esta formación: *Contracolpo* de **Fernando Garneró** (Arxentina, 1976) e o novo traballo de **João Quintero** (Portugal). *Resonancias arbóreas* de **Jacobo Gaspar** (Mos, 1975), completa o programa.

O mércores 4 de novembro visítanos o Ensemble D'arts con Miriam Valero e Drian Hernández no Auditorio do Concello en Vigo coa estrea mundial **E-@RTS HIP-HOP** para dous bailarinos, violín, saxofón, electrónica, vídeo e iluminación. Unha proposta de creación contemporánea e danza urbana concebida por Miguel Ángel Berbís e Pere Vicalet.

En paralelo ás sesións de escoita, o ciclo de conferencias **Da arte sonora e da música contemporánea** en colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo onde os compositores presentes nesta edición explicarán o seu traballo; e os programas cos centros educativos da provincia **ALÉN** e **InTerAccións**.

Chegando ao remate desta edición, o venres 6 de novembro no Auditorio Martín Códax iniciaremos tres xornadas monográficas ao redor da obra e da figura de **Enrique X. Macías** cando se cumpren 25 anos do pasamento que conmocionou a toda unha xeración da intelectualidade galega. Como esquecer a desbordante efervescencia cultural dos oitenta, cando en Vigo conviven un grupo de creadores de diferentes disciplinas que revolucionaron o panorama cultural e social do momento? Pioneiro da música contemporánea galega máis recente, carismático

PROMOVE:



PATROCINA:



referente para toda unha xeración de novos compositores e símbolo dun período de renovación estética que cambiou este país, Macías, nun tempo de emerxencias e aceleración de procesos históricos, segue alumeando coa súa música universal de insólita modernidade a identidade olívica.

En **UNIVERSO MACÍAS: ASÍ PASEN 25 ANOS** escoitaremos relatorios do profesor **Carlos Villar Taboada** (Universidade de Valladolid), **Roberto Oliveira** (investigador e percusionista) e **Paco Yáñez** (mundoclasico), ademais de presentar en exclusiva mundial un documental sobre o seu traballo de **Manuel del Río**. Entre as actividades programadas inclúense tres concertos, todos os días ás 20.30, que ilustran distintas áreas de interese da súa obra.

O 6 de novembro inundará o Auditorio Martín Códax a música electrónica **La Lyre du Désert** (1988), que toma o seu título empréstado dun verso de *Lettera amorosa* de René Char. Unha homenaxe ao poeta símbolo da resistencia francesa estreada con motivo da súa morte no Institut National de l'Audiovisuel de París, precisamente o 19 de febreiro no día que falece o poeta. Esta obra introducirá asemade a presentación mundial do mencionado documental de Manuel del Río **A lira do deserto: Enrique X. Macías**. Culminará a xornada unha conversa co director do filme e o compositor e director artístico de Vertixe Sonora, Ramon Souto moderada por Paco Yáñez (mundoclasico).

Ao día seguinte, sábado 7, **Antistrofas** (1993-95) para cello só e electrónica con Thomas Piel e Ángel Faraldo e a participación do pintor Amando que encomendara este traballo.

E o domingo 8, o recoñecido director portugués, **Pedro Amaral** conducirá **ASÍ PASEN 25 ANOS: ENRIQUE X. MACÍAS**. Amigo persoal de Enrique, vindica o legado creativo do compositor vigués a través de dúas obras para ensemble **Adhuc** (1992/93) e **Itinerario de Luz** (1994/95) ademais da monumental **Cadencias e Interludios / Percurso I** (1992) para piano solo e electrónica en tempo real. Un concerto que conta co apoio do Centro de Investigación & Información da Música Portuguesa- MIC.PT e a colaboración do compositor portugués Miguel Azguime, amigo íntimo e durante moitos anos depositario da súa obra que traballou co Instituto Galego de Sonoloxía para a actualización dos materiais da electrónica en vivo de *Adhuc*. Precederá a este derradeiro concerto a táboa redonda **ASÍ PASEN 25 ANOS** coa participación de **Antón Reixa, Manolo Romón e Antón Patiño** onde se fará unha lembranza do xenial compositor.

Todos os concertos e actividades teñen entrada gratuita previa **inscrición telemática con compromiso de asistencia** a través da páxina oficial de vertixe sonora e reserva dun máximo de 5 entradas por persoa ata cubrir aforamentos. Debido á pandemia COVID-19, o festival adoptou as seguintes medidas para garantir a súa seguranza:

PROMOVE:



PATROCINA:



1. Chegada á sala 20 minutos antes da hora marcada de inicio do concerto para axilizar o proceso de entrada.
2. Distanciamento social. Non hai lugar marcado, seralle atribuído á entrada da sala, por orde de chegada, mediante indicación de persoal identificado.
3. Uso obrigatorio de máscara durante todo o evento.
4. Hixiene de mans, limpeza en alfombra desinfectante e toma de temperatura na entrada ao edificio. En caso de necesitar apoio, por favor, contacte co asistente de sala.
5. Finalizada a actividade espere no seu asento as indicacións do persoal de sala que regulará a saída escalonada.

PROMOVE:



PATROCINA:



Concertos

Entrada libre previa inscrición telemática até completar aforamento

domingo 18.10, 18.30h | Igrexa San Domingos de Tui
MIRA ATRÁS NO TEMPO CON OLLOS AMÁBEIS.

martes 20.10, 20.30h | Espacio de Arte SVT, Vigo
CAPRICCIO DETTO L'ERMAFRODITA

mércores 28.10, 20.30h | Igrexa de Santa María en O Viso, Redondela
AS COLAS DO COMETA

sábado 31.10, 20.30h | Centro Recreativo e Cultural de Torroso, Mos
DERIVACIÓN

mércores 4.11, 20.30h | Auditorio do Concello de Vigo
E-@RTS HIP-HOP

venres 6.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo
LA LYRE DU DÉSSERT

sábado 7.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo
ANTISTROFAS. HISTORIA DUNHA ENCOMENDA

domingo 8.11, 20.30h | Auditorio Martín Códax de Vigo
ASÍ PASEN 25 ANOS: ENRIQUE X. MACÍAS

PROMOVE:



PATROCINA:



Programas

EN RUTA

proxecto beneficiario do programa O Teu Xacobeo

domingo 18 de outubro. 18.30h | Igrexa San Domingos de Tui

MIRA ATRÁS NO TEMPO CON OLLOS AMÁBEIS.

mércores 28 de de outubro, 20.30h | Igrexa de Santa María en O Viso, Redondela

AS COLAS DO COMETA

sábado 31 de outubro, 20.30h | Centro Recreativo e Cultural de Torroso, Mos

DERIVACIÓN

UNIVERSO MACÍAS: ASÍ PASEN 25 ANOS

6-8.11.20 AUDITORIO MARTÍN CÓDAX

Relatorios e concertos

Venres 6.11

20.30h **La lyre du Désert. Presentación das Xornadas**

Enrique X. Macías **La lyre du Désert.** electrónica

Manuel Del Río. **Enrique X. Macías. A lira do deserto.** Filme

Conversa Paco Yáñez, Manuel del Río, Ramón Souto

Sábado 7.11

10h Roberto Oliveira (Universidade de Santiago de Compostela) **Catalogación e dixitalización do fondo de música de Enrique X. Macías.** Relatorio

12h Carlos Villar Taboada (Universidade de Valladolid) **Unha sorpresa musical: aproximación á linguaxe compositiva de Enrique X. Macías.** Relatorio

20.30h Amando **Antistrofas. Historia dunha encomenda** Relatorio

21.00h Enrique X. Macías **Antistrofas.** Concerto

Domingo 8.11

12h Paco Yáñez (mundoclasico) **Material - rizoma.** Relatorio

18.30h Antón Reixa, Julián Hernández, Manolo Romón, Antón Patiño, Paco Yáñez **Interludio no Vigo da transición.** Táboa redonda

20.30h Vertixe Sonora **Así Pasen 25 anos.** Concerto

PROMOVE:



PATROCINA:



En paralelo

DA ARTE SONORA E DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Relatorios. Conservatorio Superior de Música de Vigo

venres 16.10 mañá: 10h Lin-Ni Liao, 11h Juan Pablo Carreño (Colombia, 1978), 12h Pablo Vergara (Chile, 1980); tarde: 16h Severin Dornier (Alemania), 17h Il-Woong Seo (Corea do Sur)

venres 23.10 mañá: 10h Huihui Cheng (Wu-Chang, China, 1985), 11h María José Belenguer (Castellón, 1983), 12h María Teresa Trecozzi (Italia, 1979); tarde: 16h Fernando Garneró (Argentina, 1976), 17h Joao Quintero (Portugal)

venres 4.11 mañá 12h Miguel Ángel Berbís e Pere Vicalet

ALÉN Obradoiros instrumentais

Luns 19.10 17-20h Carlos Gálvez. Conservatorio Profesional de Música de Vigo

Sábado 30.10 10-14h Pablo Coello. Centro Cultural de Torroso, Mos

InterAccións

Accións sonoras co alumnado de centros educativos da contorna. Programa de actividades e datas pendente de actualización por mor da COVID-19

PROMOVE:



PATROCINA:



Unións locais cidadáns



Mira atrás no tempo con ollos amábeis

Liao Lin-Ni, Il-Woong Seo, Pablo Vergara, Severin Dornier, Juan Pablo Carreño

Domingo 18 Outubro, 18:30H | Igrexa San Domingos, Tui



Dirixido polo mestre Pedro Figueiredo, MIRA ATRÁS NO TEMPO CON OLLOS AMÁBEIS inclúe, ademais da obra de Lin-Ni Liao (Taiwan, 1977), composicións de Juan Pablo Carreño (Colombia, 1978), Pablo Vergara (Chile, 1980), Severin Dornier (Alemania) e Il-Woong Seo (Corea do Sur).

Un programa de música internacional co que afondaremos na profunda tenrura e humanidade de Emily Dickinson, delectarémonos no xogo de reflexos e borboteos de auga, luz e escuridade, asomaremos aos abismos de Kafka, e viaxaremos ate Colombia para asistir a un funeral en San Basilio del Palenque, nas faldas dos montes de María, no departamento de Bolívar. Unha experiencia musical de primeira orde que celebra a importancia do camiño portugués na conformación europea. Xuntos pasado, presente e futuro. Fraternidade e festexo pola reapertura dun espazo transfronteirizo que relanza a cooperación bilateral e a visión común compartida.

LIAO LIN-NI (Taiwan, 1977) *Mira atrás no tempo con ollos amábeis* (2016) para ensemble

IL-WOONG SEO (Corea do Sur) *Eau** (2020) para ensemble

PABLO VERGARA (Chile, 1980) *Como reverso navegable** (2020) para ensemble
SEVERIN DORNIER (Alemania) *Lichtaufzeichnungen no 1* (2020) * (2020).

Concerto instalación. Interpretación en vivo, instrumentos, altofalantes, espellos e díodos láser

PROMOVE:



PATROCINA:



JUAN PABLO CARREÑO (Colombia, 1978) *Estudo da resistencia 3*(1)* (2020) para ensemble

*Estrea absoluta. Encargo de Vertixe Sonora
(1) Obra escrita co apoio de Ibermúsicas e SACEM.

VERTIXE SONORA

Pedro Figueiredo director

Clara Saleiro *flauta* | Pablo Coello *saxofón* | Carlos Cortés *trompeta* | Iago Rios *trombón* | María Mogas *acordeón* | Roberto Alonso *violín* | Cristina Santos *viola* | Thomas Piel *violonchelo* | Carlos Méndez *contrabajo* | Rubén Barros *guitarra eléctrica* | David Durán *piano* | Diego Ventoso *percusión*

Capriccio detto l'ermafrodita

Ton Bruynel, Claudio Ambrosini, Theo Loevendie

Martes 20 Outubro, 20:30H | Espacio de Arte SVT, Vigo



Carlos Gálvez presenta un programa espumoso e disfrutón, de aproximadamente media hora de duración, para achegarse ao clarinete baixo con influencias folclóricas de diversas culturas e do mundo do jazz. Unha viaxe refrescante para explorar posibilidades tímbricas e sonoras a través de clásicos coma *Intra* (1971, rev. 1989) de **Ton Bruynel** (Utrecht, Países Baixos 1934 – Mailly, Francia 1998), a obra que dá título ao programa *Capriccio detto l'ermafrodita* (1983) de **Claudio Ambrosini** (Venecia, 1948) e *Duo* (1988) de **Theo Loevendie** (Ámsterdam, 1930)

TON BRUYNEL (1934-1998) *Intra* (1971, rev. 1989) para clarinete baixo, banda sonora e modulador de anel

CLAUDIO AMBROSINI (1948) *Capriccio detto l'ermafrodita* (1983) para clarinete baixo só

THEO LOEVENDIE (1930) *Duo* (1988) para clarinete baixo só

PROMOVE:



PATROCINA:



VERTIXE SONORA Carlos Gálvez Taroncher, clarinete baixo

PROMOVE:



PATROCINA:



As colas do cometa

Huihui Cheng, María José Belenguer, Angélica V. Salvi, Kate Moore, Lioa Lin-Ni

Mércores 28 Outubro, 20:30H | Igrexa de Santa María, O Viso, Redondela



En xullo deste ano, vin cometas e po de estrelas no observatorio de Calar Alto. Foi un recordo inesquecible. Os cometas estaban lonxe e o feble feixe de luz parecía iluminar as estrelas, pero non eran tan brillantes coma as estrelas. Esta escena permanece no fondo da miña memoria. Está lonxe pero existe. Quero usar efectos sonoros e visuais para describir a miña sensación neste momento.

HUIHUI CHENG (Wu-Chang, China, 1985) *As colas do cometa** (2020) para arpa preparada e lanternas

MARÍA JOSÉ BELENGUER (Castellón, 1983) *Unha nova luz** (2020) para arpa e electrónica

ANGÉLICA V. SALVI (Salamanca, 1981) *Índigo* (2020) para arpa e pedales de efectos

KATE MOORE (Oxfordshire, England, 1979) *Spin bird* (2020) para arpa solo

LIAO LIN-NI *Do- our- nature's soft** (2020) para arpa e tamtam

*Estrea mundial. Comisionada por Vertixe Sonora

Intérpretes: Angélica V. Salvi, *arpa* | Diego Ventoso, *percusión*

PROMOVE:



PATROCINA:



*Unha nova cidade festiva



Derivación

María Teresa Trecozzi, Fernando Garnero, Jacobo Gaspar, Joao Quinteiro

Sábado 31 Outubro, 20:30H | Centro Recreativo e Cultural de Torroso en Mos



Unha conversa de saxofón e percusión coa obra de María Teresa Trecozzi (Italia, 1979) á fronte. Inclúe dúas novas composicións escritas en exclusiva para esta formación: Contracolpo de Fernando Garnero (Arxentina, 1976) e o novo traballo de João Quinteiro (Portugal). Resonancias arbóreas de Jacobo Gaspar (Mos, 1975), completa o programa.

MARÍA TERESA TRECOZZI (Italia, 1979) Derivación* (2020) saxofón soprano preparado

FERNANDO GARNERO (Argentina, 1976) Contracolpo* (2020) saxofón y percusión

JACOBO GASPARGAR (Mos, 1975) Resonancias arbóreas (2019) saxofón y percusión

JOÃO QUINTEIRO (Portugal) Título por determinar* (2020) saxofón y percusión

*Estrea absoluta. Encomenda de Vertixe Sonora

VERTIXE SONORA Pablo Coello saxofón | Diego Ventoso percusión

PROMOVE:



PATROCINA:



"Unhas novas cidades feministas"



E-@rt Hip-Hop Ensemble D'arts

Mércores 4 Novembro, 20:30H | Auditorio do Concello, Vigo



Unha proposta de Miguel Ángel Berbís e Pere Vicalet con Ensemble D'arts e os bailarinos Miriam Valero e Drián Hernández que combina creación contemporánea e danza urbana. A estrea mundial da produción máis recente de Ensemble d'Arts é un espectáculo multimedia onde a música, os movementos corporais, o vídeo e a iluminación intégranse para formar unha experiencia única.

Miriam Valero, Drián Hernández
bailarinos

ENSEMBLE D'ARTS Xelo Giner, *saxofón* |
Jenny Guerra *violín* | Pere Vicalet,

Miguel Ángel Berbís *electrónica e iluminación*

Ensemble d'Arts, fundado en 2012 con sede no Auditori Rafelbunyol (Valencia, España), é unha das formacións máis vangardistas no panorama actual da música electroacústica en Europa. Está formado por solistas de gran traxectoria e moi comprometidas coa música de nova creación, así como coas novas tecnoloxías aplicadas a esta. O Ensemble conta no seu repertorio con obras tanto de solista como de conxunto, alternando nos seus programas obras de artistas de gran prestixio con novos talentos emerxentes, o cal permite a posta en escena de propostas moi versátiles e atractivas para o espectador. Entre elas cabe destacar diferentes producións orixinais como son o proxecto en trío ElectroSounds, os programas a só Soloist Works Series, e os proxectos de ensemble; Ausiàs March i o Foll Amor, o concerto para cans Fantasía Canina, ou o proxecto didáctico O viatge de Meniña.

Ensemble d'Arts é ademais grupo residente e organizador do Rafel Festival, un festival internacional anual no que participan algúns dos ensembles e solistas máis representativos da escena actual nacional e internacional, e que inclúe desde 2018 o concurso internacional de interpretación de música de nova creación re_cre@.

PROMOVE:



PATROCINA:



La lyre du Désert

Enrique X. Macías, Manuel del Río

Venres 6 Novembro, 20:30H | Auditorio Martín Códax



Je ne confonds pas la solitude avec la lyre du désert. Le nuage cette nuit qui cerne ton oreille n'est pas de neige endormante, mais d'embruns enlevés au printemps.

Lettera amorosa, René Char

Non confundo a soidade coa lira do deserto. A nube que rodea o oído esta noite non é de neve adormecida, senón de néboas arrincadas da primavera

Lettera amorosa, René Char

Nesta sesión presentarase en exclusiva o documental de Manuel del Río **A lira do deserto: Enrique X. Macías**. Culminará a xornada unha conversa entre o director do filme e o director artístico de Vertixe Sonora, Ramon Souto moderada por Paco Yáñez (mundoclasico)

La Lyre du Désert (1988) de Enrique

X. Macías toma o seu título emprestado da cita de René Char que encabeza este texto; inspirado á súa vez, nese xogo escheriano de interseccións infinitas tan querido por Macías, na peza musical homónima de Monteverdi. Trátase dunha peza de música electrónica en homenaxe a René Char e foi estreada no Institut National de l'Audiovisuel de París, o 19 de febreiro, precisamente o día do deceso do símbolo da resistencia francesa. A elección poética non é en balde, declara a influencia bouleziana tan presente en Macías dende que o poeta surrealista fora elevado aos altares da vanguardia musical ao calor da composición de aquel, *Le marteau sans maître* (1955)

ENRIQUE X. MACÍAS *La lyre du Désert* (1988) electrónica

MANUEL DEL RÍO *Enrique X. Macías. A lira do deserto** 2020 | 40 min. | ESPAÑA | DOC | COR

*Estrea mundial

PROMOVE:



PATROCINA:



Antistrofas. Intrahistoria dunha encomenda

Amando, Enrique X. Macías

Sábado 7 Novembro, 20:30H | Auditorio Martín Códax

Antistrofas

(1995/...)

para violoncello e dispositivo informático.

Enrique X. Macías

En 1993, con motivo da retrospectiva “Pinturas e instalacións” no Castelo de Soutomaior o pintor Amando (Vigo, 1951) procura a complicidade do seu amigo Enrique X. Macías ao quen encomenda unha nova obra para a súa estrea na inauguración. Este convite está na xénese dunha das partituras máis recoñecidas de Enrique X. Macías **Antistrofas** (1993-95) interpretada polo cellista do *Ensemble Intercontemporain* de París Pierre Strauch naquel evento. Nesta sesión coñeceremos da man dun dos seus protagonista esta historia así como o ambiente de camaradería da cidade cultural naqueles anos.

Amando: **Antistrofas. Intrahistoria dunha encomenda**

Enrique X. Macías: **Antistrofas** (1993-95) para violonchelo e electrónica

VERTIXE SONORA Thomas Piel, *violoncello* | Ángel Faraldo *electrónica*

PROMOVE:



PATROCINA:



Vivimos nesta cidade fermosa



Así Pasen 25 Anos: Enrique X. Macías

Enrique X. Macías

Domingo 8 Novembro, 20:30H | Auditorio Martín Códax



Compositor autodidacta, **Enrique X. Macías** (Vigo, 1958-1995) deixounos un dilatado legado musical a pesar do seu prematuro falecemento, aos 37 anos. Creador meticuloso e esixente –destruíu toda a súa obra anterior a 1980– conformou, a partires dunha orixinalísima técnica de autocitas, unha obra musical en permanente construción na procura de novas formas de expresión.

A súa obra foi gravada polas radios máis importantes de Europa e ao longo da súa curta carreira obtivo numerosos

premios. Nese o seu itinerario profesional figuran precisamente as súas participacións, en dúas ocasións, na Tribuna de Novos Compositores da Fundación Juan March con dúas obras para ensemble (máis tarde descatalogadas): **Souvenir n.º 1** (estreada polo Grupo Koan. Director: José Ramón Encinar. II Tribuna de Novos Compositores en 1983); e **Morgengesang II** (estreada polo Grupo Círculo. Director: José Luís Temes. en VINA Tribuna de Novos Compositores en 1987)

Froito da colaboración entre Miso Music e o Instituto Galego de Sonoloxía, o apoio do Centro de Investigación & Información da Música Portuguesa– MIC.PT e a participación do compositor portugués Miguel Azguime, depositario da súa obra e íntimo amigo que colaborou na actualización dos materiais da electrónica en vivo de *Adhuc* poderemos ofrecer a escoita das obras máis importantes para ensemble do compositor vigués: **Adhuc** (1993) e **Itinerario de luz** (1995). E xunto a elas a monumental **Cadencias e interludios/ Percurso I** (1989-1992) para piano e electrónica. Pedro Amaral, profundo coñecedor da obra de Macías a quen lle unía unha entrañabel amizade dirixe este monográfico, unha oportunidade magnífica para lembrar a un dos creadores máis importantes da cidade.

PROMOVE:



PATROCINA:



Así Pasen 25 Anos: Enrique X. Macías

Adhuc (1992/93) clarinete, trompa, vibráfono, sintetizador, violín, violonchelo

Cadencias e Interludios / Percurso I (1992) piano solo e electrónica en tempo real

Itinerario de Luz (1994/95) frauta, clarinete, trompa, violín, viola, violonchelo, electrónica en tempo real

Co apoio do *Centro de Investigación & Información da Música Portuguesa*– MIC.PT

VERTIXE SONORA

Pedro Amaral *director*

Clara Saleiro *frauta* | Daniel Veiga *clarinete* | Jorge Fuentes *trompa* | Mario Peris *violin* | Iriana Fernández *viola* | Thomas Piel *violonchelo* | Haruna Takebe *sintetizador* | David Durán *piano* | Diego Ventoso *vibráfono* | Ángel Faraldo *electrónica*

PROMOVE:



PATROCINA:





Vertixe sonora

Desde a súa aparición en 2011, Vertixe Sonora converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa presenza en todo o territorio e a permanente estrea de novas obras permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente insubstituíble para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global e en permanente estado de convulsión, en procura da excelencia artística.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada que dinamiza o ecosistema musical europeo, favorecendo o intercambio e a cohesión a través da música do noso tempo. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras no CGAC, Do Audible (encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos), o Festival MIHLSonsXXI na cidade de Lugo e o Festival Internacional de Creación de Música Contemporánea Vertixe Sonora son algunhas das contribucións que están a renovar a audiencia musical en Galicia.

Premio Martín Codax 2016 de Música clásica contemporánea, realizou 135 estreas absolutas de compositores de 32 países. En España levou o seu repertorio á Mostra Sonora de Sueca, Festival XXXVI Encontre Internacional de Compositores en Mallorca, Ciclo BBVA de Música Contemporánea de Bilbao, Festival SON de Madrid, Festival SMASH de San Sebastián, Festival Bernaola de Vitoria, ensemble residente do Festival MIXTUR de Barcelona e no XXVII Premio Novos Compositores Fundación SGAE_CNDM 2016 no Auditorio 400 do Museo Nacional do Centro de Arte Reina Sofía.

O seu recoñecemento internacional permitiulle estar presente no Festival Oh Ton de Oldenburg (Alemaña), Festival Electr()ction de Brest (Francia), Levande Musik en Goteborg e Samtida Musik de Estocolmo (Suecia), Festival Síntese en Garda e

PROMOVE:



PATROCINA:



Castelo Branco (Portugal), Festival de Música Nueva de Monterrey (México) ou CSUF New Music Series do Meng Fall Fullerton en California (EE.UU), ensemble residente do Festival SoundSCAPE de Cesena (Italia). O 2019 levaralles ao Festival Callejón del Ruído en Guanajuato (México), Festival Música Viva en Lisboa (Portugal) e as cidades de Basilea (Suíza), O Porto (Portugal) e Strasburgo (Francia).

O seu labor foi recollido nos documentarios Correspondencias Sonoras (2013) de Manuel Do Río e Sonutopias (2014) do campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela. Manuel del Río presentará en outubro o seu novo documentario *Enrique X. Macías. A lira do deserto* (2020) que gravou conmemorando o 60 aniversario do nacemento do compositor. Gravou para WERGO o ciclo Die Wanderung da compositora Lula Romero en *Ins offene* e para NEOS *The dimension of fragile*, monográfico sobre o compositor mexicano Víctor Ibarra.

PROMOVE:



PATROCINA:

